

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA RÍTMICA

OURENSE, 08/01/2025

1. TECNIFICACIÓN 2025.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2025 será de 5.200 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación acordado polo Comité autonómico:

1. Antecedentes: Acórdase modificar o proxecto de tecnificación levado a cabo na pasada tempada priorizando a mellora de ximnastas e coreografías, tanto para individual como para conxunto, mediante a realización de varias actividades formativas de adestradoras así como xornadas de corrección de exercicios con adestradores externos con experiencia/resultados e de captación para incentivar a progresión das ximnastas de idades inferiores de nivel base e élite.

2. Obxectivo:

- a. Primeiro semestre: realización dunha xornada de tecnificación a finais de febreiro ou principios de marzo cos ximnastas do grupo A e B de tecnificación. Traballarase a técnica corporal e de aparello cunha xornada de adestramento dirixida pola adestradora e xuíz asturiana D^a M^a Camino Mateos.

Realización dunha xornada de tecnificación para a revisión e corrección de exercicios do equipo seleccionado de Idade Escolar e Copa Raíña Feminina e España Masculina a cargo da adestradora e xuíz asturiana D^a. M^a Camino Mateos.

- b. Segundo semestre: realización dunha xornada de revisión dos conxuntos federados que se presenten ao Campionato Galego de Conxuntos para aportar melloras e correccións nos montaxes dos exercicios dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández (Club Corza's Maspalomas) no mes de setembro.

Realización dunha xornada de captación e adestramento, dirixida pola adestradora D^a Izaskun Hernández, no mes de decembro con ximnastas femininas e masculinos que cumpran os requisitos da convocatoria.

3. Para elo, establece-se o seguinte proxecto de Tecnificación para o primeiro e o segundo semestre do 2025:

PRIMEIRO SEMESTRE 2025

CUSTE ESTIMADO: 3.200 €

Xornada Tecnificación – Adestramento Grupo A e B	
Realización dunha xornada de tecnificación dirixida pola adestradora e xuiza D ^a M ^a Camino Mateos para traballar cos ximnastas do grupo A e B de tecnificación: <ul style="list-style-type: none">- Data: 22/23 febreiro ou 01/02 marzo.- Duración: 1 xornada ou 1 xornada e media. Según dispoñibilidade da adestradora que dirixe.- Características: xornada de traballo de técnica corporal e de aparello de exercicios individuais cas ximnastas femininas do grupo A e B mais os 2 ximnastas masculinos que por idade pertencerían a dito grupo.- Sede: a designar.- Aberto a todas as adestradoras de Galicia con licenza federativa en vigor que desexen asistir para formarse no traballo de exercicios individuais aboando unha cota de inscrición de 20€.- Dita xornada sí cubre os gastos de desprazamento e/ou manutención dos ximnastas participantes segun o establecido no regulamento de concentracións.	
Designación Equipo Copa Raíña Sofía Feminina Designación Equipo Copa España Masculina	Designación Equipo Idade Escolar Designación Conxunto Idade Escolar
Control único para a designación do equipo Copa Raíña Sofía, Copa España Masculina e Idade Escolar: <ul style="list-style-type: none">- Data: 05 ou 06 de abril- Características: Control aberto ao público en formato competición con música e maillot.	

- Sede: a designar.
- A conformación do equipo virá determinada pola clasificación acadada por nota en cada aparello e categoría, segundo o criterio establecido en normativa nacional RFEG. No caso de a diferenza de nota entre ximnastas sexa mínima, o Comité autonómico poderá avaliar a idoneidade no reparto de aparellos, é dicir, se algún ximnasta resulta clasificado con 3 aparellos e a diferenza en algún deles é mínima con respecto ao seguinte ximnasta clasificado poderá valorarse o reparto de aparellos en beneficio do equipo que represente a Galicia.

Xornada Tecnificación Equipos Copa Raiña, Copa España Masculina e Idade Escolar dirixida pola adestradora e xuíza D^a M^a Camino Mateos:

- Data: 14-15-16 abril. Dúas xornadas según dispoñibilidade da adestradora que dirixe.
- Realización dos exercicios, individuais e conxunto, que conforman os Equipos para recibir correccións e melloras antes da asistencia ao Nacional. Só asisten os equipos seleccionados e as súas adestradoras.
- Sede: a designar.

A continuación, figura o listado de ximnastas Femininas e Masculinos cos aparellos cos que teñen previsto competir no 2025, convocados polo Comité Autonómico, para os Controis de Copa Raiña Feminina e Masculina así como para o Control Idade Escolar.

“COPA RAIÑA FEMININA” - “IDADE ESCOLAR”

GIMNASTA	AÑO	CLUB	CORDA	ARO	PELOTA	MAZAS	CINTA
SOFIA SOUSA LORENZO	2002	X. PORRIÑO		X		X	
NOA FILGUEIRA OYA	2003	X. PORRIÑO			X		X
CANDELA MARTÍNEZ BOBO	2005	M ^a BARBEITO		X	X	X	X
LUCÍA DORADO SOUSA	2005	MANIOTAS		X			X
NAIARA DA VILA RODRÍGUEZ	2006	MANIOTAS			X	X	
LUCÍA CAMIÑA NOGUEIRA	2009	ACORDES		X	X		X
EVA REZA PATIÑO	2009	X. OLEIROS		X	X	X	
SARA SINANOVIC SEHOVIC	2009	X. OLEIROS				X	X
CANDELA COBIÁN ROEL	2009	X. OLEIROS	X	X			
MARTINA LÓPEZ CANOSA	2009	ESQUÍO		X	X	X	
YAILÉN PUGA SAA	2009	MANIOTAS	X	X	X		X
MIREIA ALONSO MARTÍNS	2010	MANIOTAS	X	X	X	X	
NOA RUZO BOGA	2010	MANIOTAS		X	X		
CARMEN SALVADO DIÉGUEZ	2010	VIRAVOLTA	X?	X		X	
ALBA PAZ RUBIANES	2011	VIRAVOLTA			X		X?
JIMENA FERNÁNDEZ VIEIRA	2010	MANIOTAS				X	X
SABELA LÓPEZ GARCÍA	2011	PONTEDEUME		X	X	X?	
CAYETANA FLOREZ PLACER	2011	PONTEDEUME		X?		X	X

(*) As ximnastas marcadas en gris so están convocadas para Copa Raiña Feminina.

(**) No equipo de Idade Escolar poderá participar 1 ximnasta con discapacidade acreditada realizando o exercicio de ML. Ao ser coñecedores de que o C. M^a Barbeito conta con ximnastas en activo que cumpren dito requisito, solicitaremosle non informen se é posible a súa participación.

“COPA ESPAÑA MASCULINA”

GIMNASTA	AÑO	CLUB	CORDA	ARO	PELOTA	MAZAS	CINTA
HERNÁN SIO TRILLO	2007	X. PORRIÑO		X	X	X	X
AARÓN AMOR PARDO	2006	M ^a BARBEITO			X		
MARTÍN CASAL DE LA FUENTE	2003	VIRAVOLTA	X	X		X	
UNAI SÁNCHEZ CAMBEIRO	2009	MANIOTAS	X	X	X	X	X
ROI BOUZAS CAPA	2008	BIQUEIRA	X	X		X	
NOÉ CHARLÍN CHAZO	2008	X. AROUSA	X	X		X	
JOSÉ VÁZQUEZ GÓMEZ	2010	X. PAVILLÓN		X	X	X	
HUGO VÁZQUEZ FUENTES	2006	COMPOSTELA		X			



Federación Galega de Ximnasia

R/Carlos Maside s/n 32002-Ourense
Tlfno.: 988238999 – www.ximnasia.com
C.E.: info@ximnasia.com



-O custe dos desprazamentos e/ou manutención dos/as ximnastas convocados para as xornadas de tecnificación serán aboados con cargo a tecnificación segundo o recollido no respectivo Regulamento, sempre e cando non coincida con competición oficial.

-Farase entrega da equipación, chándal e camiseta, aos equipos de Copa e Idade Escolar na xornada de tecnificación de abril.

-Acórdase que o custe da inscrición dos/as ximnastas seleccionados dos equipos de Copa Raíña Sofía e Copa España Masculina serán aboados con cargo a tecnificación. Tamén se acorda publicitar na Web da Federación Galega de Ximnasia a conformación definitiva dos equipos participantes no Campionato de España en Idade Escolar por Seleccións Autonómicas, Copa Raíña Sofía e Copa España Masculina.

-Acórdase conceder unha axuda de 50€ por ximnasta clasificado a Copa Raíña Sofía e Copa España Masculina para gastos de asistencia ao mesmo. Os clubs deberán presentar factura a FGX, en tempo e forma, para o seu abono.

SEGUNDO SEMESTRE 2025

CUSTE ESTIMADO: 2.000 €

XORNADA REVISIÓN EXERCICIOS CONXUNTOS
Xornada Tecnificación Conxuntos Élite dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández do Club Corza's Maspalomas: <ul style="list-style-type: none">- Data: setembro. Dúas xornadas según dispoñibilidade do adestrador que dirixe.- Realización dos exercicios dos conxuntos de nivel elite para revisión e corrección dos mesmos así como introduccións de melloras antes das competicións autonómicas.- Realizarase unha charla informativa sobre a técnica de conxuntos, aberta aos adestradores de todos os clubs galegos, aboando unha cota de inscrición de 20€.- Sede: a designar.- Dita xornada ao ser aberta non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.
XORNADA CAPTACIÓN
Realización dunha xornada de captación dirixida a ximnastas nados entre 2011 e 2014 de nivel base ou elite para participar nunha xornada de adestramento presencial que se celebrará en Narón. <ul style="list-style-type: none">- Data: decembro- Realización dunha preselección por vídeo das ximnastas que cumpran as dificultades requeridas para participar nunha xornada de adestramento presencial de mañá e tarde na cal se evaluará polo comité autonómico as ximnastas que poderán entrar no grupo de seguimento para participar en futuras competicións de Idade Escolar, Copa Raíña e tecnificacións.- Sede: Narón- Dita xornada ao ser de captación non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.

A tecnificación do segundo semestre pode sufrir variacións ou axustes segundo o presuposto co que se conte despois de realizar as actividades de tecnificación do primeiro semestre.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Acordase realizar unha xornada de unificación de criterios e aclaracións sobre código e normativas na primeira quincena de febreiro dirixida a adestradoras e xuíces cunha cota de inscrición de 20€. Enviarase a convocatoria en canto teñamos confirmada o día e sede da mesma.

En relación a celebración do campionato galego individual con anterioridade ao campionato galego de equipos, solicitarase unha inscrición numeral por categorías no mes de marzo para valorar a súa viabilidade.